



**ESTATUTOS  
DO  
SINDICATO  
NACIONAL  
DE  
CC. OO.  
DE  
GALICIA**

---

Aprobados no 1.<sup>er</sup> Congreso

---



THE UNIVERSITY OF CHICAGO

2011  
OFFICE OF THE  
PROVOST  
1100 EAST 58TH STREET  
CHICAGO, IL 60637  
TEL: 773-936-3300  
WWW.CHICAGO.EDU

UNIVERSITY OF CHICAGO



# — ESTATUTOS —

O Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia é parte integrante da Confederación de CC.OO., aunque o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia ten por tarefa súa esencial a decidida defensa dos intereses de clase de tódolos asalariados na nación galega, conxuntamente co resto dos asalariados do Estado español, sempre no sentido da procura do socialismo, sen amainar nunca na loita do pobo galego pola supresión da opresión nacional que padece Galicia.

## Definición de principios

Os principios en que se inspira o sindicalismo de CC.OO. son: reivindicativos e de clase.

Defende as reivindicacións inmediatas dos traballadores e no seu seo poden participar tódolos traballadores manuales e intelectuales. Oriéntase á supresión da sociedade capitalista e á construción dunha sociedade socialista en liberdade, onde desapareza toda forma de explotación e opresión.

## Unitario

No seu seo poden coexistir distintas concepcións políticas, ideolóxicas e relixiosas. Mantén como obxectivo irrenunciabile a búsqueda da unidade sindical libremente decidida polos traballadores. Neste sentido, promoverá toda iniciativa encamiñada a favorece-la unidade de acción das centrais sindicais representativas e de clase, e promoverá e xeneralizará a construción



de formas unitarias de representación dos traballadores, a partir das assembleas e dos organismos que os propios traballadores elixan democráticamente.

## **Democrático**

Mantén como presuposto fundamental o respecto e a garantía da democracia interna baseada na práctica assemblearia, ademais de respetar, defender e profundiza-la democracia no funcionamento das institucións políticas, na sociedade e no Estado.

## **Independencia**

Do Estado, dos partidos políticos e de calquera grupo ou organización.

O Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia asume as suas responsabilidades e traza a sua línea de acción con independencia dos poderes económicos, dos partidos políticos, do Estado ou de calquera outro interés alleo ós seus fins.

## **Socio-político**

Ademais de reivindicá-la mellora das condicións de vida e de traballo de tódolos traballadores, asume a defensa de todo aquilo que lles afecta como clase, na perspectiva da supresión de toda opresión nacional e da explotación do home polo home.

**O SINDICATO DAS CC.OO. DE GALICIA E UN SINDICATO DE NOVO TIPO QUE, recollendo as ensinanzas da experiencia histórica do movemento obrei-**



ro galego, proponse romper tódalas barreiras que astra agora mediaban entre os afiliados e non afiliados, institucionalizá-la assemblea como un soporte principal prá acción sindical, unir a tódolos asalariados na defensa dos seus intereses de clase. Asimesmo, trata de fortalecer cada vez máis os nexos que unen á clase obreira galega co resto da clase obreira de todo o Estado.

## ESTATUTOS DO SINDICATO NACIONAL DE CC.OO. DE GALICIA

Art. 1.—Os presentes estatutos regularán o funcionamento do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

### DOMICILIO SOCIAL DA ASOCIACION

Art. 2.—O Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia terá o seu domicilio social en Santiago (Santiago de Chile, 28, entrechán, esquerda), sen perxuicio de que polos órganos competentes se acorde o cambio a outro lugar, así como o establecemento das delegacións e representacións que se estimen convintes a nivel nacional, provincial, local e comarcal.

### AMBITO TERRITORIAL

Art. 3.—O ámbito territorial de actividade do Sindicato de Comisións Obreiras de Galicia será o ámbito territorial da Nación galega.



## AMBITO PROFESIONAL

Art. 4.—O ámbito profesional dos afiliados ó Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia abarcará a:

a) Todos aqueles traballadores comprendidos no ámbito profesional dos distintos sindicatos que constitúan o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

b) Os traballadores autónomos que individualmente se adhiran ó Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, e que non teñan traballadores asalariados á súa conta.

## AFILIACION O SINDICATO NACIONAL

Art. 5.—A afiliación ó Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia é un acto voluntario dos traballadores. Realízase a través dos sindicatos (pros traballadores comprendidos no artigo 4, apartado a), ou directamente, a través dos órganos territoriais do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia é mediante a adquisición do carnet e o pago da cota correspondente.

Art. 6.—Os carnets e selos de cotización do Sindicato Nacional serán editados polo propio S.N. de CC.OO. de Galicia.



## DEREITOS DOS AFILIADOS

Art. 7.—a) Todo afiliado a CC.OO. de Galicia ten dereito a elixir e ser elixido pra ocupar cargos no Sindicato. Tódolos postos son electivos e tódolos cargos reelexibles e revocables por decisión maioritaria dos órganos que os elixeron.

As eleccións deberán rexirse no posible por criterios de unidade a través de candidaturas únicas. Nos casos en que se presenten mais dunha lista de candidatos, seguiráse un sistema de lista aberta e distribución de postos proporcional ós votos contidos por cada candidato. Só se admitirán aquelas listas de candidatos presentadas, cando menos, polo 10 por cen dos afiliados no ámbito correspondente á elección.

b) Todo afiliado, no seu ámbito respectivo, ten dereito a participar nas decisións que se adopten polo Sindicato Nacional. As actitudes e accións adoptadas polo Sindicato Nacional representarán e responderán ó auténtico sentir dos traballadores. As decisións dos congresos de calquera órgano de dirección serán tomadas, salvo cando se estableza o contrario nos presentes estatutos, por maioría simple, e son vinculantes pra tódolos membros.

Os acordos adoptados por calquera órga-



no do Sindicato obrigan, en canto a súa aceptación, defensa e cumprimento, a todos os membros dese órgano, quedando a salvo o dereito de libre expresión ou correntes de afiliados, en canto á opinión exclusiva e diferenciadas dos mesmos.

c) Calquera afiliado ten garantizada a plena liberdade de expresión, a manifestación de eventuales discrepancias sobre as decisións tomadas e o respecto ás súas opinións políticas e convencións ideolóxicas e relixiosas. No suposto de que no interior do S.N. de CC.OO. de Galicia se configuren correntes de opinión fronte a cuestións de carácter xeral, sempre e cando non adquiran carácter de correntes con nomes ou organizadas, serán tidas en conta, sobre a base de formulacións expresas, cando contén como mínimo co 10 por cen dos afiliados do ámbito correspondente.

d) Todo afiliado ten dereito a solicitar a intervención dos órganos competentes do Sindicato Nacional que entenden das reclamacións dos afiliados, dos recursos contra resolucións e medidas de órganos do Sindicato Nacional e contra das medidas disciplinarias que poideran adoptarse con calquera afiliado.

e) Todo afiliado ten dereito ás prestacións de asesoramento técnico e ó disfrute dos servizos asistenciales e de diversa índole



que se vaian creando polos diversos órganos do Sindicato Nacional.

## DEBERES DOS AFILIADOS

Art. 8.—a) Os afiliados deberán cumpli-los Estatutos do Sindicato Nacional e velar pola consecución dos fins e obxetivos que este propugna e pola posta en práctica dos acordos do Sindicato Nacional.

b) Os afiliados deberán satisfacer a cota que se establezca polos órganos competentes do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

c) Todo afiliado ten o deber de respetar as decisións democráticamente adoptadas polo Sindicato Nacional a tódolos niveles.

d) Os acordos adoptados por calquera órgano do Sindicato Nacional obrigan en canto a súa aceptación, defensa e cumprimento a tódolos membros dese órgano quedando a salvo o dereito de libre expresión de calquera membro, en canto á opinión exclusiva e diferenciada do mesmo.

Art. 9.—As accións ou omisións dun afiliado ou dun órgano do Sindicato Nacional que supoñan un incumplimento dos Estatutos, darán lugar á adopción de medidas disciplinarias polos órganos correspondentes do Sindicato Nacional. As sancións ós afiliados trataranse a proposta do órgano en



que estean encadradas e será decidida polo órgano inmediatamente superior na rama. Estas medidas disciplinarias poderán ser:

a) Amonestación.

b) Suspensión de 1 a 3 meses dos dereitos de afiliado, ou suspensión de 1 a 3 meses das súas funcións nos postos de sanción ou órgano.

c) Espulsión. Todo elo sin perxuicio da posibilidade de recurrir diante da Comisión de Garantías. (Nas sancións a órganos do Sindicato Nacional a decisión adoptárase polo Consello Nacional.

## **BAIXA NO SINDICATO NACIONAL**

Art. 10.—Causarase baixa no Sindicato por:

a) Libre decisión do afiliado.

b) Por resolución sancionadora dos órganos competentes do Sindicato Nacional.

c) Por impago inxustificado da cota durante tres meses consecutivos.

## **ACCION SINDICAL**

Art. 11.—A iniciativa da acción sindical corresponde a cada organización ó seu nivel, que a desenrolará tendo en conta as orientacións fixadas polo S.N. pra vincula-la súa ac-



ción sindical á do conxunto dos traballadores.

As organizacións consultarán ós órganos superiores sobre ós términos esenciaes das reivindicacións e das accións a desenvolver, a fin de coordinar a acción sindical en todo o ámbito do Sindicato Nacional.

No plano estatal, corresponderá a acción sindical á Confederación Sindical de Comisións Obreiras nos seus órganos directivos: Consello Confederal ou Secretariado. A acción sindical na empresa basarase na potenciación dos comités de empresa, como representantes dos traballadores, respectando a vontade dos traballadores libremente expresada nas asambleas.

## ORGANO DE REPRESENTACION E GOBERNO

Art. 12.—Os órganos de representación e Goberno do Sindicato Nacional son os seguintes:

- a) O Congreso Nacional.
- b) O Consello Nacional.
- c) A Comisión Executiva
- d) O Secretariado.

Art. 13.—O Congreso Nacional é o máximo órgano deliberante e decisorio do Sindicato Nacional a nivel de toda Galicia.

a) Composición:

Dado que o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia se articula a través dos sindica-



tos e das organizacións territoriais de localidades, comarca, provincia e nacionalidade, o Congreso Nacional estará composto, a partes iguais, por representantes dos sindicatos e das organizacións territoriais.

Os delegados ó Congreso Nacional serán elexidos según a normativa que regule a convocatoria e funcionamento do Congreso Nacional.

b) Funcionamento:

1.—O Congreso con carácter ordinario, convocarase como mínimo cada dous anos.

2.—Con carácter extraordinario, poderase convocar cando así o acorde o Consello Nacional por maioría de 2/3.

3.—Tódolos acordos do Congreso se adoptarán por maioría simple, salvo os que teñan por obxecto a modificación dos Estatutos do S.N. que precisaran 2/3 ou a disolución do S.N., que necesitarán unha maioría de 4/5.

4.—A normativa de convocatoria, composición e funcionamento do Congreso será establecida polo Consello Nacional.

O Congreso Ordinario deberase convocar o menos con tres meses de antelación.

c) Funcións do Congreso Nacional.

Son tarefas ou atribucións do Congreso as seguintes:



1.—Determina-la orientación político-sindical do S.N.

2.—Aprobar ou modificalo programa xeral do S.N. e a carta financeira.

3.—Decidir sobre a modificación dos Estatutos do S.N.

4.—Aproba-la composición do Consello Nacional.

5.—Elexi-lo Secretario Xeral do S.N. mediante sufraxio libre e secreto.

6.—Elexi-la comisión de Control Administrativo e Finanzas e a Comisión de Garantías do S.N. mediante sufraxio libre e secreto.

7.—Decidir sobre a disolución do S.N.

8.—Elexi-la comisión Executiva mediante sufraxio libre e secreto.

## O CONSELLO NACIONAL

Art. 14.—O Consello Nacional é o máximo órgano de dirección e representación do S.N. entre Congreso e Congreso.

a) Composición:

O Consello Nacional estará composto por:

1.—Os membros da Comisión Executiva.

2.—Os Secretarios Xerais dos Sindicatos.

3.—Os Secretarios Xerais das organizacións territoriais de ámbito provincial.



4.—35 membros en representación dos Sindicatos, proporcionalmente ó seu número de afiliados.

5.—35 membros en representación das organizacións territoriais, en proporción ó seu número de afiliados.

b) Funcionamento:

1.—O Consello será convocado pola Comisión Executiva, polo menos 4 veces ó ano con carácter ordinario, e cada vez que a maioría simple do Consello o solicite con carácter extraordinario.

2.—As resolucións e decisións do Consello adoptaranse por maioría simple.

c) Funcións:

1.—Discutir e decidir sobre a política xeral do S.N., entre dous Congresos sucesivos.

2.—Convoca-lo Congreso Nacional.

3.—Aproba-la integración no S.N. dos Sindicatos que o soliciten.

4.—Fixa-lo sistema de cotas do S.N.

5.—Fixa-los criterios das retribucións do persoal ó servizo do S.N.

6.—Elaborará anualmente un presuposto de gastos e ingresos a proposta da Comisión Executiva.

7.—Regulará a edición dos carnets e selos de cotización do S.N.

8.—Conocerá anualmente os informes sobre as súas actividades elaborados polas



comisións de Control Administrativo e Finanzas, e pola Comisión de Garantías.

## COMISION EXECUTIVA

Art. 15.—A comisión Executiva é o órgano de dirección do Sindicato Nacional que aplica as decisións e directrices adoptadas polo Consello e o Congreso.

Funcionará colexiadamente, con reunións ordinarias unha vez ó mes polo menos, adoptando os seus acordos por maioría. O seu número dependerá da decisión do Congreso Nacional ó exilio. As reunións serán convocadas polo Secretario Xeral ou 1/3 dos seus componentes.

Funcións da Comisión Executiva:

Art. 16.—a) Levar á práctica as decisións polo Consello Nacional e o Congreso.

b) Asegura-la dirección permanente da actividade do Sindicato Nacional.

c) Asegura-la organización e funcionamento e tódolos servicios centrales do S.N.

d) Manter contacto permanente con tódolos sindicatos e unións a tódolos niveles.

e) Deliberar e tomar decisións sobre tódalas cuestións entre Consello e Consello.

f) Leva-la responsabilidade das publicacións oficiais do S.N.



g) Nomeará dentro del ó Secretariado.

h) Nomeará ós Secretarios das Secretarías que se establecen no artículo 17.

i) Responderá diante do Congreso ó término da súa actuación, e ante o Consello Nacional entre Congreso e Congreso.

j) As baixas que por calquera circunstancia se poidan producir na Comisión Executiva, serán cubertas mediante elección polo Consello Nacional astra a celebración do novo Congreso.

Art. 17.—Da Comisión Executiva dependerán as seguintes Secretarías, que se encargarán de desenrolar e levar a cabo as funcións do seu ámbito respectivo: Organización, Finanzas e Administración, Información e Publicacións, Formación, Relacións unitarias e políticas, Relacións Internacionais, Muller, Emigración, Técnicos e Profesionales, Xuventude, Coordinación de Acción Sindical.

A constitución das referidas Secretarías será extensiva a tódolos órganos do S.N., pró mellor desenrolo das tarefas que deben asumir (a Comisión Executiva fixará o seu número e elexirá ós seus compoñentes).

## O SECRETARIADO

Art. 18.—E o órgano que leva á práctica as deci-



sións da Comisión Executiva, respondendo da súa xestión diante da mesma. Reunirase polo menos unha vez á semana, convocado polo Secretario Xeral, ou por unha terceira parte dos seus compoñentes.

**Art. 19.—Función do Secretariado:**

- a) Levar á práctica as decisións da Comisión Executiva, asegurando a dirección diaria do S.N.
- b) Deliberar e tomar decisións sobre cuestións urxentes entre reunión e reunión da Comisión Executiva.
- c) Nomea-lo persoal técnico dos servicios centrais do S.N.

**Art. 20.—O Secretario Xeral do S.N.:**

- a) E o representante legal é público do S.N., actúa baixo acordo colexiado do Consello e da Comisión Executiva, seguindo o principio de dirección colectiva que ten como misión fundamental a de cohesionar e impulsa-las funcións de ditos órganos.

Terá as facultades que a lei lle otorga, como representante legal e público do S.N. das CC.OO. de Galicia.

- b) Ten expresas facultades pra: mercar e vender bens mobles e inmobles; decidir sobre a súa administración nos mais amplos términos; realizar todo tipo de operacións mercantiles, financeiras e comer-



ciales; solicitar e aceptar créditos, reconocer deudas, conceder e cobrar cantidades, autorizar trasposos e cobra-la participación legal dos mesmos; operar con Caixas Oficiales, Caixas de Aforro e Bancos, incluido o de España e as súas sucursales; abrir e cancelar contas e libretas de aforro, contas correntes e de crédito; librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervenir e negociar letras de cambio e outros efectos; instar actas notariales de tódalas clases; instar, seguir e terminar como autor, demandado ou en calquera outro concepto toda clase de expedientes, xuicios, porcedementos; elevar peticións e exercer accións.

c) Delega-las funcións e facultades que reconocen os presentes Estatutos nos membros e órganos competentes do S.N.

d) En caso de ausencia de calquera indole, o Secretariado asumirá ás plenas funcións contempladas nos apartados (a) e (b) deste artículo.

## COMISIONS DE CONTROL ADMINISTRATIVO E FINANZAS DE GARANTIAS:

Art. 21.—A Comisión de Control Administrativo e Finanzas, elexida polo Congreso Nacional, estará composta por cinco membros e terá por misión controla-lo funciona-



mento administrativo e as finanzas dos órganos do S.N. a tódolos niveles. Os seus membros non poderán ocupar cargos directivos nos órganos do S.N.

Elaborará anualmente un informe que presentará ó Consello Nacional. Someterá ó Congreso Nacional o balance da súa actuación no período comprendido entre dous congresos.

**Art. 22.—Comisión de Garantías:**

A súa función será intervir en tódalas reclamacións de membros e órganos do S.N. contra acordos ou actuación doutros membros e órganos do S.N. As decisións da Comisión de Garantías serán tomadas nun prazo máximo de 90 días. A Comisión de Garantías será elexida polo Congreso Nacional, estará composta por cinco membros, que non poderán ocupar cargos directivos nos órganos do S.N.

As Comisións de Control Administrativo e Finanzas e a de Garantías poderán facerse extensivas a outros órganos do S.N. O funcionamento de ambas Comisións rexirase por un reglamento que deberá ser aprobado polo Congreso Nacional.

**Art. 23.—Financiación e patrimonio do Sindicato Nacional.**

Os recursos e bens do S.N. estarán integrados por:

1.—As cotas dos afiliados.



2.—As donacións e legados en favor do mesmo e o capital que acumule durante a súa xestión.

3.—As subvencións que poidan serlles concedidas.

4.—As rendas dos seus bens e valores.

5.—Os ingresos procedentes da venta de publicacións e de prestacións de servicios.

6.—Calquera outros recursos outidos de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

7.—Os bens mobles e inmobles adquiridos, donados ou legados a tódolos órganos do S.N.

Art. 24.—O presuposto anual:

Anualmente o Consello Nacional, a proposta da Comisión Executiva, elaborará un presuposto de ingresos e gastos, fixándose as líneas de actuación económica do S.N.

Art. 25.—Libro de Contabilidade:

O S.N. disporá dun Libro Rexistro de Contabilidade Central, no que figure o estado de ingresos e gastos e o balance económico xeral do S.N. a cargo da Secretaría de Administración e Finanzas.

O sistema de libro de contabilidade e acceso a eles polos afiliados será extensivo a tódolos órganos do Sindicato Nacional.



**Art. 26.—**Rexistro de afiliados:

O Sindicato Nacional disporá dun Rexistro Público no que figuren tódolos afiliados en situación de alta, e a cargo da Secretaría de Administración e Finanzas.

O afiliado ó Sindicato Nacional poderá solicitarlo acceso a dito Rexistro Público. O Consello Nacional aprobará o Regulamento que regule o acceso dos afiliados ós libros de contabilidade e ó rexistro de afiliados. O Rexistro Público e o acceso a el dos afiliados será extensivo a tódolos órganos do Sindicato Nacional.

**Art. 27.—**Integración no Sindicato Nacional dos Sindicatos:

No S.N. de CC.OO. de Galicia están integrados os seguintes Sindicatos: Actividades Diversas.— Auga, Gas e Electricidade.— Alimentación.— Banca, Bolsa e Aorro.— Campo.— Combustible.— Comercio.— Construcción.— Enseñanza.— Espectáculo.— Hostelería.— Información.— Madeira e Corcho.— Mar.— Metal.— Mineiría.— Papel e Artes Gráficas.— Pensionistas e Xubilados.— Pel e Calzado.— Químicas.— Sanidade.— Seguros.— Textil.— Traballadores da Administración.— Transportes e Comunicacions.— Vidro e Cerámica.

**Art. 28.—**Formas de integración dos sindicatos no S.N.



a) A solicitude de integración, aprobada polo Congreso do Sindicato solicitante, será instada á Comisión Executiva do S.N. e terá que ser aprobada polo Consello Nacional.

b) Os sindicatos integrados no S.N. aceptan os seus Estatutos, así como a política sindical do S.N. marcada polos seus órganos de dirección.

c) Os sindicatos integraranse orgánicamente da seguinte maneira:

1.—No Consello Nacional estarán representados os sindicatos según os criterios que se establezcan no reglamento do Congreso e en proporción ó seu número de afiliados.

2.—No Consello Nacional estarán representados os sindicatos según os criterios que se restablezan no Congreso e en proporción ó seu número de afiliados, sendo membros natos do Consello os Secretarios do Sindicato.

3.—Nos órganos do S.N. de ámbito local, comarcal, provincial e nacional estarán representados os sindicatos a través dos seus órganos correspondentes e en proporción ó seu número de afiliados.

d) Réxime xurídico, administrativo e económico dos sindicatos integrados no Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.



Os sindicatos terán autonomía xurídica, administrativa e económica dentro das directrices marcadas polos órganos de dirección do S.N.

1.—Os sindicatos teñen persoalidade xurídica propia. Os seus representantes legais a tódolos efectos son os respectivos Secretarios Xerais, cos poderes e facultades legais que lles reconozan os estatutos de cada sindicato.

2.—Os sindicatos teñen autonomía de xestión económica e patrimonial nos seus ámbitos de actuación, sin mais limitacións que o cumprimento dos acordos que nestas materias se adopten polos órganos competentes do S.N.

3.—Os sindicatos teñen autonomía administrativa pra dotarse dos órganos e servicios que consideren adecuados pro mellor cumprimento das súas funcións.

4.—Os Sindicatos integrados no S.N., ou os que soliciten a súa integración no mesmo, deberán adapta-los seus Estatutos en todos aqueles aspectos que resulten diverxentes ou contraditorios cos estatutos do S.N.

e) O Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia non responderá das accións e obrigacións dos sindicatos integrados no seu seo, senón son previamente



coñecidas e aprobadas polos órganos correspondentes do S.N.

f) Os membros da Comisión Executiva do S.N. poderán participar con voz nas reunións de calquera órgano dos Sindicatos.

g) A acción sindical dos sindicatos será competencia dos seus órganos según o ámbito que corresponde.

Aquelas propostas e decisións de acción sindical que pola súa transcendencia e repercusión poidan afectar ó desenrolo do S.N., á súa imaxe e implantación entre os traballadores, ou poidan supoñer unha variación nas directrices xerais do mesmo deberán ser consultadas previamente ó Consello Nacional e, no seu defecto, ó Secretariado nacional de CC.OO., quedando neste caso pra ser sancionada polo Consello.

Art. 29.—Estructura do Sindicato nacional.

A nivel territorial poderanse constituí-los seguintes órganos do S.N.:

a) A nivel de localidade, os sindicatos integrados nos diversos sindicatos de rama que constituén o S.N. e os traballadores autónomos formarán a Unión Local.

b) A nivel comarcal, poderán constituírse Unións Comarcales, integradas a partes iguais polas Unións Locales da comarca e os sindicatos comarcales, en proporción ó seu número de afiliados.



c) A nivel provincial, constituirase a Unión Provincial, integrada a partes iguais polas Unións Locales e/ou Comarcales da provincia e polos sindicatos Provinciais en proporción ó seu número de afiliados.

Art. 30.—Os órganos territoriales do S.N. terán autonomía de xestión económica e patrimonial nos seus ámbitos de actuación correspondentes, sen mais límites que o cumprimento dos acordos que nestas materias se adopten polos órganos competentes do S.N.

Igualmente terán autonomía administrativa pra dotarse dos órganos e servicios que consideren adecuados pró mellor cumprimento das súas funcións.

O Secretario Xeral do S.N., como representante legal e público do mesmo, delegará nas representacións xerais dos órganos territoriales as facultades de representación legal é pública a tódolos afectos e pró seu ámbito de actuación completa.

Art. 31.—O S.N., e nos ámbitos e niveles que considere oportunos, disporá de servicios técnicos e asistenciales prós seus afiliados, que dependerán, dentro da autonomía funcional oportuna, dos órganos correspondentes ó S.N.




Art. 32.—Por acordo das catro quintas partes dos afiliados ó S.N., éste poderá disolverse, establecéndose as formas de disolución, todo elo mediante un Congreso extraordinario convocado exclusivamente a tal fin.

Art. 33.—O Sindicato Nacional dispón de plena autonomía pra exercer libremente a súa actividade sindical en Galicia, aténdose, naturalmente, ós Estatutos da Confederación. O S.N. ven estimulando e estimulará sempre con tesón os vencellos comúns da clase obreira galega co conxunto da clase obreira de todo o Estado, da cal e parte integrante, como único é o aparello de Estado que a burguesía española utiliza pra explotar indiscriminadamente a tódolos asalariados do conxunto do Estado.

Art. 34.—O galego é o idioma oficial do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, garantizándose, asimismo, a libre expresión en calquera outro idioma por parte dos afiliados.









**PRECIO: 10 ptas.**

**Imp. Covadonga - Ferrel - 5.000 ejm.**